




Prevención de riscos laborais en granxas avícolas

1

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



do Issga

Agro

ATENDE

Comproba que as escadas de ascenso aos silos estean equipadas con aneis de protección a partir dos 2 metros de altura.



Comproba se no teu lugar de traballo existen zonas con posibilidade de presenza dunha atmosfera especialmente explosiva.



Evita entrar en espazos confinados, silos, pozos, depósitos, etc.



Se ves partes móbiles de máquinas ou equipos que te poidan golpear ou cortar e que non se atopen debidamente protexidas, avisa para que se protexan.





Prevención de riscos laborais en granxas avícolas

2

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Agro

En traballos con presenza de contaminantes: metano, amoníaco, dióxido de carbono, etc., asegúrate de que se efectúan medicións ambientais co fin de determinar o risco hixiénico ao que podes estar exposto en todas as zonas e fases de traballo.




Adopta medidas para reducir as emisións e concentración de contaminantes nas instalacións da granxa, tales como, o amoníaco (NH_3).



Os traballos nas granxas avícolas poden implicar risco de transmisión aos traballadores, entre outras, das seguintes enfermidades: influenza aviar, *Campylobacter jejuni* e *C. Coli*, e salmonelose.



Non utilices ningún produto químico sen coñecer as súas características e riscos. Consulta sempre a etiqueta do produto e a ficha de datos de seguridade, fixándote nas frases de risco (frases H) e nos consellos de prudencia (frases P).






Prevención de riscos laborais en granxas avícolas

3

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



do Issga

Agro



Comproba que o teu tractor estea provisto dunha estrutura de protección (cabina, bastidor, arco ou pórtico), para evitar que sexas esmagado en caso de envorcadura. Verifica que conta cun cinto de seguridade e fai uso del.



Se tes que utilizar un novo equipo que non utilizaras nunca, le atentamente o manual de instrucións antes de usalo e familiarízate con todas as súas partes.



Utiliza as ferramentas só para as operacións para as que foron deseñadas.



Non utilices o equipo se lle faltan tapas e cubertas de protección das súas partes móbiles, xa que esta situación podería causarche danos severos.

